

# Convocatorias de Proxectos Estratéxicos Orientados á Transición Ecolóxica e á Transición Dixital

Infórmase que o Ministerio de Ciencia e Innovación que ven de publicar a [convocatoria de proxectos estratéxicos orientados á transición ecolóxica e á transición dixital](#)

## Fondos Europeos:



## Descrición xeral:

Estas axudas teñen como finalidade fomentar as actividades de I+D+i co fin de incrementar a competitividade e liderado internacional da ciencia e a tecnoloxía españolas a través da xeración de coñecemento científico, mediante unha investigación de calidade orientada á transición ecolóxica e á transición dixital.

A transición ecolóxica apóiase nos seguintes obxectivos ambientais: a mitigación do cambio climático, a adaptación ao cambio climático, o uso sostible e a protección dos recursos hídricos e mariños, a economía circular, a prevención e control da contaminación e a protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas. Os proxectos perseguirán un ou varios destes obxectivos ambientais mediante a xeración de coñecemento científico, o desenvolvemento de tecnoloxías ou o soporte ás políticas ambientais, aplicados ás actividades produtivas, á protección dos recursos naturais e á calidade de vida das persoas e da sociedade no seu conxunto.

A transición dixital pretende potenciar as infraestruturas, competencias e tecnoloxías necesarias para unha economía e unha sociedade dixital, a través da dixitalización toda a cadea de valor en sectores tractores, aproveitando plenamente as sinerxías e oportunidades dos novos desenvolvementos tecnolóxicos e de xestión de datos, usando tecnoloxías dixitais disruptivas, e poñendo no centro do proceso ás persoas e os seus dereitos dixitais.

## Obxectivos Específicos

Os proxectos de transición ecolóxica que se financien dirixiranse a aspectos como a descarbonización, a eficiencia enerxética, o despregamento das enerxías renovables, a electrificación da economía, o desenvolvemento do almacenamento de enerxía, as solucións baseadas na natureza, a restauración ecolóxica, a economía circular e a mellora da resiliencia de todos os sectores económicos, entre outros, coa finalidade de contribuír aos obxectivos ambientais da transición ecolóxica recollidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020.

Os proxectos de transición dixital que se financien orientaranse á xeración de coñecemento científico, o desenvolvemento de tecnoloxías ou o soporte ás políticas en aspectos como a axenda urbana, a educación, a agricultura, o turismo, a industria, a mobilidade, a modernización da Administración pública, a ciberseguridade ou a nova economía dos cuidados, entre outros. Para iso será preciso usar tecnoloxías dixitais disruptivas, e poñer no centro do proceso ás persoas e os seus dereitos dixitais. A transición dixital supoñerá un importante apoio á transición ecolóxica e deberá ser inclusiva e sostible, vertebradora da cohesión territorial e social.

**Tipoloxía de proxectos:** Se distinguen dous tipos de proxectos en función do perfil do/a IP que lidere o proxecto:

- **Proxectos tipo A:** proxectos dirixidos por un/a ou dous IP, con contribucións científico-técnicas relevantes e innovadoras.
- **Proxectos tipo B:** proxectos dirixidos por un/a ou dous IP cunha traxectoria investigadora consolidada.

Os proxectos que se financien deben respectar o principio de non causar un prexuízo significativo ao medioambiente (**principio DNSH**, polas súas siglas en inglés Do Non Significant Harm) así como o disposto en relación coas actividades que non deben seleccionarse nin financiarse e a lexislación ambiental nacional e comunitaria de aplicación.

**Acceso á convocatoria:** [Proxectos Estratéxicos Orientados á Transición Ecolóxica e á Transición Dixital](#). Dadas as especiais características do programa, recomendamos ler atentamente a convocatoria así como e o documento de [preguntas frecuentes](#).

**Prazo de presentación de solicitudes:** Desde o 16 de decembro de 2021 ata o 19 de xaneiro de 2022 ás 14.00 horas na Sede do Ministerio de Ciencia e Innovación. O prazo interno da USC remata o **13 de xaneiro ás 14 horas**. Non poderá garantirse a presentación en tempo e formas daquelas solicitudes que sexan presentadas despois desa data.

**Solicitudes:** As solicitudes deberán realizarse a través do [enlace de solicitude do Ministerio](#)

**Importante.-** Unha vez rematada a cumprimentación da solicitude O/a IP validaraa e enviaraa de xeito telemático. De seguido deberá imprimir o documento que xere a aplicación, consignará nel as sinaturas manuscritas orixinais ou ben electrónicas do/a IP e do resto do persoal do equipo de investigación e do equipo de traballo e o poñerá a disposición da persoa que actúe como representante legal da entidade solicitante, para a súa custodia a través deste [enlace](#).

## Avaliación

A avaliación das solicitudes realizarase en dúas fases por comisións técnicas, constituídas en función das áreas e subáreas temáticas.

Na primeira fase, será obxecto de avaliación a proposta resumida científico-técnica. O criterio de avaliación para esta primeira fase será excluínte, polo que, se non se alcanzase o limiar establecido, a solicitude será denegada, previo trámite de alegacións, o que impedirá o seu paso á segunda fase de avaliación.

Na segunda fase, será obxecto de avaliación a memoria científico-técnica do proxecto e o CVA das/os IP, segundo os criterios de avaliación establecidos.

**Documentación:** As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación:

- **Memoria científico -técnica do proxecto.** Recoméndase que a memoria se redacte en inglés nos proxectos nos que o orzamento dos custos directos sexa igual ou superior a 100.000€.

No prazo de presentación de solicitudes deberase achegar unha proposta científico-técnica resumida e unha memoria científico-técnica do proxecto.

A descrición do contido tanto da proposta científico técnica resumida como da memoria científico técnica do proxecto inclúese no Anexo IV da orde. Na memoria deberase incluír un plan de continxencia para resolver posibles dificultades, así como un plan de xestión dos datos de investigación.

**CVA do/s IP/s,** presentarase no modelo normalizado dispoñible na páxina web da Axencia, ou no que se xera de forma automática desde a aplicación «Currículo» normalizado dispoñible na páxina web da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía ( FECYT). En ambos se considerou a adecuación aos principios DORA.

Períodos de interrupción da actividade investigadora:

- Consignaranse e acreditarán na aplicación de solicitude só para IP de proxectos tipo A, a efectos de modificación da data de límite inferior admisible de obtención do grao de doutor.
- Para o resto de IP, en caso de declararse, consignaranse no apartado correspondente do modelo de CVA, para a consideración de méritos.

O código ORCID é obrigatorio e non se requiren os identificadores de Web of Science nin de Scopus.

**Incompatibilidades,** non haberá incompatibilidade coa participación en proxectos que obtivesen financiamento de convocatorias de proxectos dos Plans Estatais de I+D+i, do VII Programa Marco de I+D+i, dos Programas Marco de I+D+i Horizonte 2020 e Horizonte Europa ou de iniciativas de Programación Conxunta do Espazo Europeo de Investigación, dos Plans Rexionais de I+D+i das comunidades autónomas, ou de calquera outra convocatoria, a condición de que se respecte o límite máximo de horas/ano para cada categoría profesional establecido no convenio laboral ou equivalente da entidade do/da IP.